

A retranca de Xosé Lois como arma de resistencia ante o poder

O humorista gráfico e debuxante recibirá, o vindeiro día 6, o Premio Celanova Casa dos Poetas

[Manuel Xestoso](#)

28 de agosto de 2026

<https://www.nosdiario.gal/articulo/cultura/retranca-xose-lois-como-arma-resistencia-poder/20260828075758265364.html>

O vindeiro domingo 6 de setembro, **Xosé Lois González Vázquez**, "**O Carrabouxo**", recollerá o Premio Celanova, Casa dos Poetas. O galardón celebra unha traxectoria de máis de corenta anos de entrega ao humor gráfico e compromiso coa nosa identidade. O xurado definiuno como "un digno continuador de **Castelao**" e do [Tío Marcos da Portela](#), o que serve de limiar para conversar con el sobre o humorismo.

Fiel á súa lendaria humildade, o debuxante ourensán matiza axiña este recoñecemento público: "Eu non son un digno continuador de Castelao, senón un indigno seguidor seu". Aínda que comparte a esencia temática do histórico galeguista, baseada na "defensa da Galiza, do idioma e dos intereses do noso país", considera que a figura do intelectual rianxeiro resulta inalcanzábel. "Castelao foi unha cousa moi grande e eu son un autodidacta que aprendín a debuxar por min mesmo", sinala con orgullo, aínda que admite con gratitude que escoitar dita comparación "sóalle como unha sinfonía".

O seu labor cultural mantivo sempre un forte vínculo coa comarca celanovesa, especialmente co padroado de Curros Enríquez desde os seus inicios na década dos oitenta. "Participei en todo aquel movemento que iniciara [Xosé Manuel del Caño](#) para recuperar a casa de Curros, que estaba en ruínas", rememora. Eran tempos difíciles onde a recuperación da memoria histórica non contaba con apoio oficial: "Nós traballabamos con medios propios, sacrificándonos persoal e economicamente, porque era unha loita contra o poder que estaba naquel momento". Aqueles esforzos pioneiros abriron o camiño para que hoxe sexan as propias institucións as que xestionen estes espazos.

Dicir sen que te castiguen

Durante corenta e tres anos de exercicio diario, a censura foi un obstáculo habitual, sumando preto de douscentos chistes vetados. Con todo, a ironía galega revelouse como o mellor escudo: "A retranca é unha maneira nosa de expresarnos; consiste en darlle voltas ás cousas para poderlas dicir sen que te castiguen". Grazas a ese xiro diagonal, o humor gráfico convértese nun "vehículo

para expresar cousas que non se poderían dicir verbalmente ou nun artigo literario". O debuxante celebra o seu "milagre de convivencia" cun xornal situado nas súas antípodas ideolóxicas, un equilibrio diario onde recoñece que "gasta máis intelixencia" en artellar o chiste para esquivar os límites editoriais.

Malia que o seu personaxe máis emblemático transcendeu o papel até integrarse no imaxinario popular, o autor mantén a distancia: "Eu domino sempre ao personaxe; non hai ningunha fusión mental", asegura. "O Carrabouxo é un instrumento que utilizo para comunicarme", afirma, debullando con retranca anécdotas como o traslado da súa estatua de bronce en Ourense por mor do interese dunha terraza ilegal. Do mesmo xeito, reivindica o valor de creacións históricas como **Sabeliña** ou **O Croio**, esas "pedras que falan" que publica en *Nós Diario*.

A súa ollada sobre o panorama do idioma é severa. Lamenta que o galego estea nunha situación de retroceso e devalar histórico: "Temos atrasado moito; o poder que nos goberna ten o idioma totalmente deteriorado e prostrado". Diante deste panorama, o humorista asume o reto lingüístico con valentía, mesmo adaptándose con dificultade ás mudanzas académicas normativas. Malia os atrancos estruturais e os erros formais que poida cometer, amósase firme na retranqueira convicción de que "o idioma está aínda cargado de futuro porque o presente non ten".